

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 1 DE
MARZO DE 2016 DA UNIVERSIDADE
DE VIGO, POLA QUE SE PUBLICAN AS
LISTAXES DEFINITIVAS DE
SOLICITUDES ADMITIDAS E
EXCLUÍDAS NO MARCO DA
CONVOCATORIA DE BOLSAS
ERASMUS ESTUDOS PARA O CURSO
2016-2017**


Publicada a convocatoria de bolsas Erasmus+ estudos para o curso 2016-2017 e a resolución de solicitudes provisionalmente admitidas a trámite e excluídas, esta Reitoría

RESOLVE

1. Publicar a listaxe definitiva de solicitudes admitidas no anexo I
2. Publicar a listaxe definitiva de solicitudes excluídas no anexo II

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, é posible interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Así e todo, o/a interesado/a poderá optar por interpor contra esta Resolución Recurso de Reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente Resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo antes citado namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O REITOR
Por Delegación (R.R. do 07/05/2014)
O vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais

Manuel J. Fernández Iglesias

Universidade de Vigo -
Registro Xeral
Saída Nº. 201600003572
01/03/16 13:05:26

DILIXENCIA para facer constar que esta Resolución publícase con esta data no taboleiro desta Universidade.
Vigo, 1 de marzo de 2016

A secretaria do vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais Carmen Lúisa Pereira Castro